



PLAN DIXITAL

CEIP Plurilingüe Curros Enríquez (Celanova)

[xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Denominación: C.E.I.P. Plurilingüe “Curros Enríquez”.
- Código de centro: 32003771.
- Tipo de centro: público, dependente da Xunta de Galicia.
- Enderezo: Avenida López Blanco, s/n.
- Localidade: Celanova (Ourense).
- Teléfono e Fax: 988 78 80 68 e 698 93 36 74
- Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcurroscelandova/>
- E-mail: ceip.curros.celanova@edu.xunta.es
- Idades do alumnado: entre os 3 e os 12 anos.
- Número de unidades:
 - Educación Infantil: 5
 - Educación Primaria: 11
- Número de alumnos/as: 274
- Número de mestres: 33
- I.E.S.P. ó que está adscrito: “Celso Emilio Ferreiro” (Celanova).
- Horario lectivo do C.E.I.P. "Curros Enríquez" de Celanova: de 9.30 a 14.30 h.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

ANÁLISE SOCIO-ECONÓMICA DO CONTORNO

As principais actividades económicas da comarca son a agricultura e a gandería, estando inmersas estas actividades nun proceso de modernización e mellora. Os cereais coma o centeo, o millo e o trigo, xunto á pataca e a uva son os cultivos que predominan. No ámbito gandeiro destacan os sectores cárnico e lácteo. Na vila, a principal actividade económica está relacionada co sector servizos e a pequena empresa. Na comarca destaca tamén o sector madeireiro.

ANÁLISE CULTURAL

Segundo os datos que nos aporta o último censo municipal podemos afirmar :

Só entre un 8 e un 12 % dos pais dos nosos alumnos teñen estudos de bacharelato, FP ou universitarios.

Na poboación con menos de 30 anos hai máis titulacións universitarias, sendo as mulleres o sector máis amplo.

A titulación de Graduado Escolar é a maioritaria entre os pais dos nosos alumnos.

A vida sociocultural de Celanova xira entorno ó Mosteiro de San Salvador, fundado no século X por San Rosendo. Na parte posterior do mosteiro consérvase a capela mozárabe de San Miguel, que é unha xoia da arte mozárabe de gran interese artístico. Hai que destacar tamén a Fundación Curros Enríquez (Casa dos Poetas), o Auditorio Ilduara e a

Escola de Música. A nivel medioambiental é importante a Ruta Currosiana, así como fermosos enclaves: Pontefreixo, Milmanda, Castromao, Pontegrande, carballeiras, regatos, muiños...

No Concello contamos con un CEIP, o noso, un colexio concertado: Sagrado Corazón e un IES na capital do Concello.

CARACTERÍSTICAS DO NOSO ALUMNADO.

O CEIP CURROS ENRÍQUEZ escolariza nen@s entre 3 e 12 anos, repartidos nas etapas de E. Infantil e E. Primaria.

Son alumn@s galego falantes cun nivel cultural e socio- económico medio-baixo.

RELACIÓN DO CENTRO CO CONTORNO

O noso centro relacionarase co Concello non só nas competencias que a este lle corresponde por lei, senón que tamén noutras actividades desenroladas polo mesmo e que sexan de interese para o noso alumnado: exposicións, concursos, saídas culturais...

Tamén se relacionará con outros organismos e asociacións do contorno cando estas convoquen actividades e o profesorado as vexa axeitadas para o alumnado do noso centro: Concello, Fundación Curros Enríquez, Medio Ambiente, Mancomunidade...

Sinais de identidade do centro

NO REFERENTE Ó ENSINO-APRENDIZAXE

Procura da construción de aprendizaxes significativas.

Organización dos contidos segundo un enfoque globalizador, socializador e individualizador.

Respecto polos ritmos de aprendizaxe de cada neno e cada nena. Atención á diversidade.

Procura da autorregulación das aprendizaxes por parte de nenas e nenos.

Potenciación das relacións entre iguais. Coeducación como aceptación da propia sexualidade e a dos demais seres humanos e como asimilación da realidade social integrada por homes e mulleres e a valoración da complementariedade entre os dous.

Creación dun clima favorable para a potenciación da autoestima e do autoconcepto.

Defensa dos valores universais de respecto dos dereitos humanos.

NO REFERENTE Ó CENTRO:

Un centro democrático e participativo: onde o profesorado, alumnado, pais e nais, persoal de administración e servizos e administracións colaboren conxuntamente na consecución dos obxectivos educativos marcados no Proxecto Educativo de Centro, máis aló da mera participación formal no Consello Escolar.

Un centro aberto ó contorno e integrado nel: intimamente relacionado co anterior. O centro educativo debe servir de dinamizador da vida cultural do entorno no que está inmerso, ó tempo que recibe as influencias do mesmo.

Un centro onde o alumnado aprenda a desenvolver tódalas súas capacidades, as competencias básicas, non só as intelectuais, senón tamén aquelas outras que teñen que ver coas actitudes e valores tales como a educación para a paz, para o non sexismo, para a solidariedade e a cooperación, a liberdade, o sentido da xustiza individual e colectiva, o respecto e tolerancia mutuos, a igualdade de tódalas persoas, os dereitos humanos o rexeitamento á violencia e o respecto polo mundo que habitamos.

Un centro non confesional, á vez que respectuoso tanto coas posturas agnósticas, como coa diversidade de prácticas e crenzas relixiosas, é dicir, o Colexio como tal non adoptará posicións relixiosas ou ateas, senón de total respecto cara as crenzas de cada persoa, tanto do profesorado como do alumnado.

NO REFERENTE Á XESTIÓN EDUCATIVA:

Organización dos medios humanos e materiais en orde ó desenvolvemento dos Proxectos do centro.

Creación dun clima e dunha cultura relacional positiva.

Elaboración, aplicación e avaliación das normas de convivencia desde o diálogo e o consenso.

Elaboración dos horarios atendendo ás necesidades dos alumnos.

Xestión transparente da información.

Favorecemento da participación na toma de decisións. Delegación de funcións favorecendo o liderado do profesorado. Xestión eficaz de recursos persoais e materiais.

Promoción da coordinación dos equipos docentes.

Creación de condicións favorables para a participación nos órganos colexiados.

Dinamización da participación do alumnado na xestión do Centro.

Creación de estruturas espacio-temporais flexibles. Xestión administrativa e económica transparente.

Funcionamento eficaz dos servizos complementarios: transporte, comedor, biblioteca.

Informatización do Centro e da súa xestión.

MODELO DE APRENDIZAXE

NO REFERENTE Á FORMACIÓN INTEGRAL DO ALUMNADO:

Pretendemos que o alumnado acade as seguintes habilidades, que consideramos básicas para conformar un cadro de ensino de calidade:

Habilidade de acadar acceso á información: Isto supón a adquisición das técnicas tradicionais de ler, escoitar e observar, pero ademais as novas de almacenar e elaborar datos mediante o uso dos ordenadores e as indispensables do xuízo crítico para discernir a información.

Habilidade de razoar con claridade: Isto supón a adquisición das técnicas básica

de interpretación semántica, da dedución lóxica e matemática, a asimilación do método científico e o dominio das técnicas de indución e predición.

Habilidade de comunicar con eficacia: Isto supón as técnicas para falar de modo informal ou en público; as técnicas de expresión escrita e do manexo dos instrumentos modernos de escritura; a interpretación e a capacidade de creación de mapas e a interpretación das diferentes tecnoloxías.

Habilidade para comprende-lo entorno: Isto esixe a adquisición de hábitos de respecto e coidado do entorno como un ben único, xunto coa adquisición das técnicas básicas necesarias para entende-la ciencia e o desenvolvemento científico.

Habilidade para comprende-la sociedade: Isto supón a adquisición das técnicas necesarias para comprende-lo feito humano no seu contexto social. Neste contexto cómpre, dun xeito fundamental, a toma conciencia da pertenza a unha cultura singular e única: a cultura galega, nas súas múltiples dimensións: lingüísticas, artísticas, antropolóxicas, políticas, económicas etc.

Habilidade para conseguilo desenvolvemento persoal: Supón a adquisición de técnicas de hixiene, nutrición, educación sexual; a adquisición de técnicas de perfeccionamento persoal por medio da creatividade e a interpretación artística, o desenvolvemento corporal, deportes, etc.

NO REFERENTE Á INNOVACIÓN CURRICULAR

Reelaboración, aplicación e avaliación de proxectos de centro: PE, PXA, PAT, etc.

Posta en práctica de plans e medidas efectivas de normalización lingüística e de promoción e asunción da cultura e da realidade galegas no seu conxunto.

Desenvolvemento de proxectos de formación do profesorado no propio centro.

Potenciación efectiva da atención á diversidade e da orientación psicopedagóxica.

Elaboración, no seu caso, de programas de converxencia curricular (caso do castelán e o galego) e de diversificación curricular (obradoiros...)

Posta en marcha de estratexias para a mellora do rendemento escolar dos alumnos.

Participación en proxectos de innovación e seminarios permanentes do profesorado.

Uso e potenciación das novas metodoloxías e tecnoloxías (audiovisuais, informática, INTERNET...)

Elaboración de materiais curriculares.

Elaboración de estratexias para aborda-la integración dos contidos transversais.

Posta en práctica de estratexias de mellora da autoestima.

Elaboración de programas para o fomento da lectura, o uso educativo da TV, videoxogos...

Elaboración de sínteses de actividades curriculares para alumnos, pais e profesores.

NO REFERENTE ÓS MATERIAIS CURRICULARES

Deben favorecer unha actitude activa do alumnado. Deben referirse a unha realidade concreta.

Deben potencia-la investigación por parte do alumnado. Deben propoñer enfoques globalizados.

Deben permitir a atención á diversidade.

Deben fuxir de estereotipos sexistas ou xenófobos. Deben de estar ben estruturados.

Deben desenvolver uns obxectivos e contidos coherentes co PE. Deben ser formalmente agradables.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O noso centro atópase nun entorno rural e nútrese de alumnos procedentes da vila de Celanova e das aldeas do contorno. Por esta razón hai alumnos que teñen dificultades para relacionarse con outros nenos, para desprazarse a actividades en grupo e para acceder a lugares de encontro: deportivos, culturais, etc. Tamén inflúe o nivel socioeconómico, en moitos casos precario. Outra situación a ter en conta é a dificultade destes alumnos para acceder ás TIC, en especial a internet.

Por estas razóns estimamos necesaria a posta en marcha de actuacións concretas no ámbito deste plan dixital.

- ✚ Identificar e dar resposta ás dificultades e ós problemas do alumnado en relación coa aprendizaxe.
- ✚ Lograr un clima de aula de centro que favoreza o proceso de ensinanza e aprendizaxe no entorno TIC.
- ✚ Mellorar a competencia en Comunicación Lingüística e, en concreto, da lectura como medio para a aprendizaxe.
- ✚ Mellorar o nivel de adquisición de competencias de todo o alumnado na Educación Primaria.
- ✚ Conseguir unha valoración positiva das **APRENDIZAXES LINGÜÍSTICAS E MATEMÁTICAS**, por parte do alumnado de 1º-2º-3º-4º de EP, coma moi necesarias para o desenvolvemento persoal, tanto no ámbito académico coma cotián.
- ✚ Apoiar a evolución e a integración do alumnado con maior capacidade e motivación para aprender, afondando nos coñecementos dalgún campo da actividade.
- ✚ Desenvolver a **COMPETENCIA LINGÜÍSTICA, AUTONOMÍA, CREATIVIDADE E HABILIDADES SOCIAIS** usando as TIC como ferramenta de traballo en 5º e 6º de EP, dando protagonismo ó alumnado con altas capacidades, fomentando o seu papel de coordinadores e transmisores de coñecementos cara ó resto dos seus compañeiros.

1.4. Proceso de elaboración

Durante este curso escolar elaboramos este plan dixital. O desenvolvemento é responsabilidade da xefatura de estudos que conta coa colaboración do equipo tic, edixgal e actividades complementarias do centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Todas as aulas contan con ordenador e tableiro dixital.
Os alumnos de 5º e 6º de primaria están no plan Edixgal.
Dispoñemos de impresora 3D.
Dispoñemos de material de robótica.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	x				
	Profesorado	x				
	Alumnado	x				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.					
	Profesorado	x				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	x				
	Profesorado	x				
	Alumnado	x				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	x				
	Profesorado	x				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	x				
	Profesorado	x				
	Alumnado	x				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.					
	Profesorado	x				
	Alumnado	x				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	x				
	Profesorado	x				
	Alumnado	x				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.					
	Profesorado					
	Alumnado	x				

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	15	25	60%
PROVISIONAL	5	8	62,5
INTERINO	0	1	0
SUBSTITUTO	0	0	0
DESPRAZADO	0	0	0

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
60%	A2	76'4	B1

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	19	76%
B1		
B2	6	24%
C1		
C2		
TOTAL	25	100%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Empregamos tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións. 2. No noso centro hai dispositivos dixitais para o proceso ensino aprendizaxe. 3. Facilitase o acceso a internet. 4. Temos dispositivos dixitais para o alumnado e facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe. 5. Temos un escritorio remoto onde compartimos información entre os profesionais do centro. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. No noso centro non dispoñemos dos recursos dixitais suficientes. 2. Necesitamos máis recursos dixitais adaptados ao noso alumnado.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. O equipo directivo apoia ao profesorado para que explore novas modalidades de ensino. 2. O persoal docente coñece as normas sobre dereito de autor e licenzas de uso. 3. O persoal docente involúcrase moi positivamente na participación de cursos e no intercambio de experiencias. 4. O persoal docente utiliza as tecnoloxías para comunicarse coa comunidade educativa. 5. O profesorado emprega as tecnoloxías dixitais para favorecer a colaboración do alumnado e adaptación ás súas necesidades. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. No noso centro non dispoñemos dun profesional que teña horas dedicadas para impartir clases de informática, para algúns grupos. 2. Necesidade de tempo para explorar o ensino dixital.
	PERSOAL NON DOCENTE		<ol style="list-style-type: none"> 1. O técnico informático non está no centro todos os días.
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		
	OFERTA		

	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		
--	-------------------------------	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<p>1. O custo do servizo técnico dos dispositivos e da contorna dixital corre a cargo do Centro, por medio de proxectos.</p> <p>2. A Xunta non nos subvenciona os dispositivos.</p> <p>3. Non dispoñemos dunha contorna dixital ofrecida pola administración educativa.</p>
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

1. Continuación do PROXECTO nas aulas de 5º e 6º de EP. E mantemento e ampliación do EQUIPO TIC
2. Aplicación dos recursos das TIC's como canal para o desenvolvemento das competencias básicas. Para o cal é necesario que os mestres implicados no proxecto:
 - a. Consolidación do uso de LINUX por parte dos mestres, alumnado e familias.
 - b. Potenciación da páxina web do centro, da galería e da aula virtual e do correo electrónico por parte da comunidade educativa.
 - c. Busqueda información e selección axeitada e segura de contidos na rede para a aprendizaxe e a elaboración de traballos expositivos.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

1. Mantemento e mellora dos equipos informáticos de aula: ordenadores, taboleiros dixitais e proxectores.
2. Contratación de persoal externo para a solución de incidencias que non podan ser solventadas polo equipo tic.
3. Compra de catro smart tv dixitais para substituír os taboleros das aulas edixgal.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora":						
OBXECTIVO 1 (1):	1. Continuación do PROXECTO nas aulas de 5º e 6º de EP. E mantemento e ampliación do EQUIPO TIC				Acadado	
RESPONSABLE:	Nervisa Sieiro Piñeiro e Juan José Lamelas Caneiro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Participación do alumnado na creación e desenvolvemento de actividade TIC. Mellora dun 10% no rendemento escolar valorable na avaliación final de curso.					
Valor de partida (3)	Resultados da avaliación inicial					
Valor previsto e data (4)	Resultados da avaliación final 10% de mellora					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Proxecto edixgal	Nervisa Sieiro Juan José Lamelas Sonia Rodríguez Lucía Domínguez	15/06/23	Recursos edixgal	Compromiso e participación dos mestres implicados. Participación activa do alumnado de 5º e 6º Compromiso das familias	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	x
AO1.2: Equipo TIC	Juan José Lamelas Jorge Emilio Bóveda	15/06/23	Recursos dixitais do centro.	Compromiso e participación de todos dos mestres do centro, especialmente os titores	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	x

"Área/s de mellora":						
OBXECTIVO 1 (1):	2. Aplicación dos recursos das TIC's como canal para o desenvolvemento das competencias básicas.				Acadado	
RESPONSABLE:	Mestres titores de cada curso				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Participación activa dos sectores involucrados Mellora dun 10% no rendemento escolar do alumnado					
Valor de partida (3)	Resultados da avaliación inicial					
Valor previsto e data (4)	Resultados da avaliación final					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Consolidación do uso de LINUX por parte dos mestres, alumnado e familias.	Equipo TIC	15/06/23	Recursos dixitais do centro. Equipos de ciclo	Compromiso e participación dos mestres implicados. Participación activa do alumnado Compromiso das familias	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	x
AO1.2: Potenciación da páxina web do centro, da galería e da aula virtual e do correo electrónico por parte da comunidade educativa.	Equipo TIC	15/06/23	Recursos dixitais do centro. Equipo TIC	Compromiso e participación dos mestres implicados. Participación activa do alumnado Compromiso das familias	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	x
AO1.3: Busqueda información e selección axeitada e segura de contidos na rede para a aprendizaxe e a elaboración de traballos expositivos.	Mestres titores e especialistas	15/06/23	Recursos dixitais do centro. Titores e especialistas	Compromiso e participación dos mestres implicados. Participación activa do alumnado Compromiso das familias	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	x

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

Avaliación continua nas reunións mensuais do equipo interdisciplinar

Avaliación final ao remate do curso tendo en conta a participación do alumnado, mestres e familias.

Propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Difusión do plan a través da páxina web do centro.

Información aos mestres a través do equipo interdisciplinar, as reunións de ciclo e os claustros.

Información directa ás familias na reunión inicial de curso para cada grupo.